




## TEATRO EXPRESIVO

# ESTAREI ATÉ A FIN

## de zOe iriARTE

### A CARGO DO GRUPO

# ZOEVIXIÓN

### DENTRO DO CIRCUITO DE TEATRO PROFESIONAL 2025-ÁREA DE CULTURA-VICEPRESIDENCIA DA DEPUTACIÓN DE LUGO

## SÁBADO 20 DE DECEMBRO DE 2025 - 20:00

### SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA

O Instituto de Estudos Chairegos, coa colaboración do Concello de Vilalba, organiza a representación do espectáculo de teatro expresivo **ESTAREI ATÉ A FIN**, de Zoe Iriarte, a cargo do grupo **ZOEVIXIÓN.**

O acto é posible grazas a financiación e patrocinio da ***Área de Cultura-Vicepresidencia da Deputación de Lugo***, a través da convocatoria do **Circuíto de Teatro Profesional 2025.**
O evento terá lugar o **sábado 20 de decembro de 2025**, ás **20:00 horas**, na ***Sala de Exposicións do Auditorio Municipal de Vilalba.***

**Estarei até a fin**
Teatro xestual. Público a partir dos 14 anos.
Duración: 30-45 min.

Nesta proposta, **ZoeVixión** toca de forma directa, poética e desgarradora, o tema da guerra. Un personaxe que non ten nada que ver nun conflito bélico, vese envolto nel. A través do seu corpo e de tan só dous obxectos, a actriz trata de transmitir a dor incomprendida que provocan as guerras.

Autora, actriz e directora: **Zoe Iriarte**.

**Zoe** comezou no mundo do teatro en 1980, pero non foi ata o 1986 cando montou a súa primeira compañía de teatro. No 1989 naceron Lohengrín Teatro e as escolas de creatividade teatral, nas que deron os seus primeiros pasos máis de tres ducias de actores e actrices que hoxe traballan profesionalmente. Zoe formouse en teatro social, teatro do oprimido, teatro foro, teatro cego, cabaret, escenografía, teatro expresivo con Jacques Lecoq, clown poético e tamén no estudo de teatro de Augusto Boal. No ano 2023 creou a súa marca profesional **ZoeVixión**, onde busca dar visibilidade, nas súas catro vertentes (fotografía, iluminación, obradoiros e teatro), aos colectivos máis esquecidos.

Entrada de balde